



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ASUNTO: SESIÓN 2023/12 EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE ABEGONDO DO LUNS 6 DE NOVIEMBRE DE 2023

EXPEDIENTE: 2023/G010/000012

ACTA Nº 2023/12 SESIÓN Extraordinaria DO PLENO - SALÓN PLENOS DO CONCELLO DE ABEGONDO, luns 6 de novembro de 2023 -

No día de hoxe, ás 14:04 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Extraordinaria do Pleno.

Membros que asisten:

Alcalde-Presidente:

José Antonio Santiso Miramontes

Concelleiros:

Laura C. Calvo Quintela

Alberto Seoane Brandariz

Gustavo Manuel Quindimil Gómez

Francisca Bestilleiro Roel

Marcos Zapata Díaz

José María Caamaño Nogueira

Jairo Bello Vidal

José Cañás Otero

Blandino García Roel

Escusa a súa ausencia:

Silvia Taboada Carro

Jesús García Núñez

Ana María García Mayo

Secretario en réxime de acumulación

Adrián J. Márquez Caramés

Interventora en réxime de interinidade

Cristina Ciudad-Buitrago Rúa

Asiste como secretario Adrián J. Márquez Caramés secretario en réxime de acumulación da Corporación, que dá fe do acto. Unha vez aberto este pola Presidencia. Constatase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

1.APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA NA PARTE ESPECIAL A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN POR OCUPACIÓN DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

2.APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA,GAS, AUGA, E HIDROCARBUROS.

PARTE II: DACIÓN DE CONTA

1.DAR CONTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO CONSORCIO (ORDENANZAS,REGULAMENTOS etc)

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

1.APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA NA PARTE ESPECIAL A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN POR OCUPACIÓN DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

Dáse conta dunha proposta informada favorablemente por a Comisión Informativa de Asuntos en Xeral:

ASUNTO: APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA NA PARTE ESPECIAL A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN POR OCUPACIÓN DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

EXPEDIENTE: 2023/X999/000414-2023/G006/000238

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- O Concello de Abegondo, en virtude da potestade regulamentaria das Entidades locais, pretende crear un corpo normativo que regule adecuadamente mediante Ordenanza Fiscal, e conforme ao artigo 24.1.c) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (TRLRFL) o establecemento dunha taxa na parte especial a favor das empresas explotadoras de servizos de subministración por ocupación do subsolo pola, solo e voo da vía pública neste termo municipal.

SEGUNDO.- Por providencia de alcaldía solicítase informe de secretaría sobre o procedemento e a lexislación aplicable, que consta no expediente.

TERCEIRO.- Por providencia de alcaldía solicítase informe de intervención sobre a procedencia da sobre a procedencia de Ordenanza Fiscal, que consta no expediente.

CUARTO.- Consta no expediente informe proposta de secretaría.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL): artigos 49 e 70.2.
- Real decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo cal se aproba o Texto Refundido das disposicións



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRLRFL): artigo 56.

- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, Regulamento de Organización e Funcionamento das entidades locais (ROF): artigo 50.3.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: artigo 82, 129,131 e 133.
- Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que Aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

PRIMEIRO. A proposta de imposición e ordenación dunha taxa na parte especial a favor das empresas explotadoras de servizos de subministración por ocupación do subsolo pola, solo e voo da vía pública neste termo municipal. circunscríbese ao réxime xurídico de aprobación de ordenanzas fiscais establecido no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que prevé, así mesmo, a posibilidade de que as mesmas sexan modificadas.

A imposición e aprobación de ordenanzas fiscais reguladoras de taxas debe someterse ás especialidades previstas na sección 3.^a do Capítulo III do Título I do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e con carácter xeral, ás regras e principios que rexen os procedementos de aprobación de ordenanzas ou outras disposicións de carácter xeral2.

En atención a iso e á potestade regulamentaria conferida ás Entidades Locais polo artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, será posible establecer e esixir tributos a través das súas propias Ordenanzas fiscais, atribución que vén conferida ao Pleno, conforme dispón o artigo 22.2.d) da citada Lei.

Dado que a aprobación de ordenanzas fiscais encádrase no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida no artigo 106 de Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e cuxas normas ou condicións veñen dispostas pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a imposición e aprobación de ordenanzas fiscais reguladoras de taxas deberá facerse con arranxo ás devanditas esixencias.

Así as cousas, a iniciativa normativa debe estar xustificada por unha razón de interese xeral, basearse nunha identificación clara dos fins perseguidos e ser o instrumento máis axeitado para garantir a súa consecución.

En virtude do principio de proporcionalidade, a iniciativa que se propoña deberá conter a regulación imprescindible para atender a necesidade a cubrir coa norma, tras constatar que non existen outras medidas menos restritivas de dereitos, ou que impongan menos obrigacións aos destinatarios.

A iniciativa normativa exercerase de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico. Cando en materia de procedemento administrativo a iniciativa normativa estableza trámites adicionais ou distintos aos contemplados nesta Lei, estes deberán ser xustificados atendendo á singularidade da materia ou aos fins perseguidos pola proposta.

TERCEIRO. Con base en dita normativa considérase que o procedemento axeitado para a imposición e ordenación da taxa na parte especial a favor das empresas explotadoras de servizos de subministración por ocupación do subsolo, solo e voo da vía pública neste termo municipal é o seguinte:

A. Preséntase proposta de proxecto de imposición e ordenación para a taxa indicada.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

B. Por Providencia de Alcaldía incóase o expediente e solicítase a realización dos demais trámites necesarios para a imposición e ordenación da taxa referida.

C. Todo acordo de establecemento ou modificación de taxas debe adoptarse á vista dun informe técnico-económico, no que se poña de manifesto a previsible cobertura do custo que xera a prestación do citado servizo.

En tanto que o importe da taxa, neste caso, ven taxativamente establecido pola norma (artigo 24.1.c) do TRLFL: "o importe daquelas consistirá, en todo caso e sen excepción algunha, no 1,5 por cento dos ingresos brutos procedentes da facturación), a fixación da tarifa/tipo non precisa do soporte da memoria económica prevista no artigo 25 da mesma Lei.

D. Emítase informe xurídico en exercicio da función de asesoramento legal preceptivo comprobándose a viabilidade e legalidade do proxecto proposto de acordo coa normativa que resulta de aplicación, así como coas regras internas, que, no seu caso, teña aprobadas a Entidade nos seus regulamentos orgánicos.

E. Informada a legalidade do proxecto proposto e a súa adecuación á lexislación, emítase informe de Intervención no que se avaliarán a incidencia económico-financiera da proposta, así como o cumprimento da normativa aplicable e en particular, os principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

F. Subscritos os informes anteriores e adaptado, no seu caso, o proxecto ás observacións que os mesmos puidesen comprender, redactácese informe proposta de resolución que será entregado xunto co resto de documentos que integran o expediente na Secretaría da corporación que, despois de examinalo, someterao á Alcaldía para que, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, poida incluílos na orde do día dunha sesión e convocar ao Pleno para a aprobación provisional da imposición da taxa e a súa ordenanza fiscal.

O órgano competente é o Pleno da Entidade Local, de acordo co artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. O acordo adoptarase por maioría simple tal como establece o artigo 47.1 do mesmo texto normativo.

G. Aprobada provisionalmente a imposición e ordenación da taxa na parte especial a favor das empresas explotadoras de servizos de subministración por ocupación do subsolo pola, solo e voo da vía pública neste termo municipal (art 24.1 c TRLRFL), sométese o expediente a información pública no taboleiro de anuncios da entidade e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días, como mínimo, dentro dos cales as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica desta entidade [dirección <https://abegondo.gal> ».

H. Finalizado o período de información pública, adóptase o Acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións presentadas e a redacción definitiva da Ordenanza -é dicir, a redacción coas modificacións que se introduciron-. No caso de que non se presentaron reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o Acordo, até entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

I. O Acordo de aprobación definitiva -expreso ou tácito- e o texto íntegro da Ordenanza fiscal reguladora da taxa publícase no taboleiro de anuncios desta entidade e no Boletín Oficial da Provincia, momento no cal entrará en vigor.

O devandito Acordo de aprobación definitiva notifícase a aquelas persoas interesadas que presentasen alegacións e



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica desta entidade [dirección <https://abegondo.gal> ».

En virtude de todo o exposto, chégase á conclusión de que o citado proxecto cumpre co que dispoñen os artigos 15, 16, 20, 24.1 c) e 57 da Lei de Facendas Locais no seu Texto Refundido aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004, e vistos os informes sobre a mencionada aprobación de acordo o artigo 49 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, **PROPOÑO** ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos en Xeral:

PRIMEIRO. Aprobar con carácter provisional e inicial conforme ao artigo 24.1.c) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (TRLRFL) a ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA NA PARTE ESPECIAL A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN POR OCUPACIÓN DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA, tal como se recolle no anexo 1 do presente acordo, cuxa redacción pasa a ser a que se indica en devandito anexo.

SEGUNDO. Expor ao público o presente acordo nos lugares sinalados no artigo 17 do TRLRFL e no BOP, por un prazo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar os expedientes e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. No caso de que no período de exposición pública non se presenten reclamacións, o que se acreditará por certificación do Secretario, este acordo provisional entenderase elevado automaticamente a definitivo, procedéndose seguidamente á súa publicación no boletín oficial da provincia en unión do texto íntegro modificado da respectiva ordenanza fiscal.

CUARTO. Que se prosigan os demais trámites do expediente.

QUINTO. Facultar á Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

O que propoño aos efectos oportunos.

Non habendo debate, pásase á votación:

Votos a favor: 10 (José Antonio Santiso Miramontes, Alberto Seoane Brandariz, Laura C. Calvo Quintela, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Jairo Bello Vidal, José Cañas Otero e Blandino García Roel)

Abstencións: 0

Votos en contra: 0

Polo que a proposta queda aprobada por unanimidade.

2.APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA, E HIDROCARBUROS.

Dáse conta dunha proposta informada favorablemente por a Comisión Informativa de Asuntos en Xeral

ASUNTO: MODIFICACIÓN DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA, E HIDROCARBUROS



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

EXPEDIENTE: 2023/X999/000388
INFORME DE SECRETARÍA

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O Concello de Abegondo aprobou en data 10.11.2017 a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por aproveitamento especial do dominio público local, que foi publicada definitivamente no BOP núm 4 de data 05.01.2018.

SEGUNDO. Posteriormente á aprobación por parte deste Concello da devandita Ordenanza fiscal, produciuse un novo e recente cambio de criterio por parte da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo no sentido da necesidade de ter en conta, á hora de fixar o tipo de gravame, a intensidade de uso do dominio público [Sentenza núm. 1659/2020; Sentenza núm. 1707/2020; Sentenza núm. 1681/2020; Sentenza núm. 1702/2020; Sentenza núm. 1682/2020; Sentenza núm. 1738/2020; Sentenza núm. 1759/2020 e Sentenza núm. 1783/2020]. Devandito Tribunal Supremo [así como os diferentes TSJ] entenderon que debía de procederse a deixar sen efecto o artigo 4º [Cota Tributaria] e, no seu lugar, dar unha nova redacción ao mesmo no sentido de incluír dous tipos impositivos conforme así recolle, xa, o novo texto de Ordenanza modificada e que se xunta ao Expediente.

TERCEIRO. O Pleno do Concello de Abegondo, na sesión ordinaria realizada o 25 de novembro de 2021, acordou a aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA, E HIDROCARBUROS. Durante o prazo establecido de exposición pública, o Concello de Abegondo non recibiu alegacións ao expediente. Ao non presentarse reclamacións, queda elevado a definitivo o acordo plenario inicial, e foi publicado o anuncio de aprobación definitiva no Bop núm.95 do 20.05.2023.

CUARTO. Interpúxose recurso contencioso-administrativo que, con número 15500/2022, presentado por RED ELECTRICA DE ESPAÑA SAU contra a ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA, E HIDROCARBUROS. Ditouse sentenza (número: 00524/2023) o día 6.10.2023 por a Sección 004 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no procedemento PO0015500 /2022 , atendendo ao seu fallo de estimación parcial do recurso contencioso administrativo interposto, derogando a súa disposición final.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL): artigos 49 e 70.2.
- Real decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo cal se aproba o Texto Refundido das disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL): artigo 56.
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, Regulamento de Organización e Funcionamento das entidades locais (ROF): artigo 50.3.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: artigo 82, 129,131 e 133.
- Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que Aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. En virtude do principio de economía procesual imponse a conservación dos actos ou trámites cuxo contido sería o mesmo de repetirse as actuacións, dilatándose a tramitación, en contra do principio de celeridade e



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

eficacia, para chegar a idénticos resultados. Se, racionalmente, pode preverse que se reproducirán os mesmos actos, o lóxico é o seu mantemento.

É doutrina xurisprudencial a que, baseándose no principio de economía procesual advirte sobre a improcedencia de declarar nulidades cando o novo acto que se dite una vez emendado o posible defecto formal deba ser idéntico en sentido material ao anterior, pois na esfera administrativa debe ser tratada a nulidade de actuacións con moita ponderación e mesura.

Precisamente polo carácter restritivo co que deben ser tratados os vicios de nulidade e anulabilidade, debemos chegar á conclusión de acudir á figura da convalidación dos actos administrativos.

SEGUNDA.-Ao respecto dos trámites previstos no artigo 133 da LPAP, que a sentenza do 31 de xaneiro de 2023 do Tribunal Supremo estableceu que non é necesaria a consulta pública prevista no artigo 133.1 LPACAP como trámite previo ao procedemento de elaboración e aprobación das ordenanzas fiscais do artigo 17 TRLFL, xa que o TRLRLFL constitúe lexislación especial pola materia. Pero esta afirmación só se refire á consulta pública do artigo 133 LPAC, pero en ningún caso afecta ao período de exposición pública prevista no artigo 17 TRLRHL.

CUARTA. A modificación da Ordenanza, por mandato do Tribunal Supremo, que propón alcalde, debe tramitarse de acordo co previsto nos artigos 49 e 70.2 da Lei reguladora das Bases de Réxime Local, lexislación autonómica e Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. En consecuencia, o procedemento necesita a aprobación inicial da modificación da ordenanza polo Pleno, información pública e audiencia aos interesados por prazo mínimo de trinta días para presentación de reclamacións e suxestións, aprobación definitiva da devandita modificación, que terá que resolver todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo, e publicación no Boletín Oficial da Provincia integramente e entrará en vigor unha vez se se publique no Boletín Oficial.

QUINTA. O proxecto de modificación completa da ordenanza fiscal que se incorpora ao expediente contén o informe técnico preceptivo, e esta taxa calcúlase conforme ao previsto no art. 24.1.a) do Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

SEXTA. Examinouse o proxecto de modificación da ordenanza reguladora de aproveitamento especial do dominio público local, atendido o informe do letrado asesor (Gonzalo Avogados), así como a xurisprudencia creada por múltiples sentenzas do Tribunal Supremo (TS), que como exemplo cítanse as seguintes: a sentenza n.º 2708/2016 [Recurso de Casación 1117/2016]; n.º 2726/2016 [Recurso de Casación 436/2016]; n.º 49/2017 [Recurso de Casación 1473/2016], n.º 489/2017 [Recurso de Casación 1238/2016], n.º 292/2019 [Recurso de Casación núm. 1086/2017], n.º 308/19 [Recurso de Casación 1193/2017], n.º 1649/2020 [Recurso de Casación 3508/2019], n.º 1659/2020 [Recurso de Casación 3099/2019], n.º 1783/2020 [Recurso de Casación 3939/2019] e n.º 275/2021 [Recurso de Casación 1986/2019].

En virtude de todo o exposto, chégase á conclusión de que o citado proxecto cumpre co que dispoñen os artigos 15, 16, 20, 24.1 a) e 57 da Lei de Facendas Locais no seu Texto Refundido aprobado por Real Decreto lexislativo 2/2004, e vista a xurisprudencia creada antes mencionada, e tendo en conta as novas sentenzas ditadas polo Tribunal Supremo, sobre a mencionada modificación e **PROPOÑO**:

PRIMEIRO. Aprobar con carácter provisional e inicial a modificación da ordenanza fiscal reguladora da TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA ou APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL no sentido de recoller as modificacións que afectan só ao artigo 4ª así como, e para maior claridade, existindo algunha pequena modificación tamén no enunciado da taxa reguladora así como no texto, e en concreto, debendo de eliminar toda alusión a unha utilización privativa, para mellor comprensión dáse unha nova redacción a toda a ordenanza de forma



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

completa, tal como recóllese no anexo 1 do presente acordo, cuxa redacción pasa a ser a que se indica en devandito anexo.

SEGUNDO. Reiterar a imposición da TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA ou APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL.

TERCEIRO. Expor ao público o presente acordo nos lugares sinalados no artigo 17 do TRLHL e no BOP, por un prazo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar os expedientes e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo e aínda que se trata de modificación e non de implantación, e por canto ademais a modificación parcial ven imposta por imperativo da nova doutrina do Tribunal Supremo, publíquese tamén na web do municipio aos efectos de información xeral da veciñanza, entidades e demais conforme a lei 39/29015.

CUARTO. No caso de que no período de exposición pública non se presenten reclamacións, o que se acreditará por certificación do Secretario, este acordo provisional entenderase elevado automaticamente a definitivo, procedéndose seguidamente á súa publicación no boletín oficial da provincia en unión do texto íntegro modificado da respectiva ordenanza fiscal.

QUINTO. Que se prosigan os demais trámites do expediente.

Ábrese o debate:

Blandino García Roel: que se comprobe por qué non está a telefonía móbil.

Secretario: Trasladarase ao equipo redactor da ordenanza para comprobar e se se pode, levarase nunha posterior modificación.

Blandino García Roel: A maiores, gustaríame facer unha apreciación sobre o informe de Gonzalo Avogados, que está en castelán, deberíase solicitar, toda vez que é unha empresa catalana, que o faga en galego.

Alcalde-Presidente: Aquí non se escribe noutro idioma que non sexa en galego pero se quere podemos facer unha ordenanza de uso do galego a poderíase pasar ao 50% galego e castelán. En todo caso, tomamos nota.

Non habendo mais debate, pásase á votación:

Votos a favor: 10 (José Antonio Santiso Miramontes, Alberto Seoane Brandariz, Laura C. Calvo Quintela, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Jairo Bello Vidal, José Cañas Otero e Blandino García Roel)

Abstencións: 0

Votos en contra: 0

Polo que a proposta queda aprobada por unanimidade.

PARTE II: DACIÓN DE CONTA



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

1.DAR CONTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO CONSORCIO (ORDENANZAS,REGULAMENTOS etc)

Este concello cando se derrubou bens levaba o lixo gratis e Paco Vázquez tomou a decisión de optar por un sistema distinto: Nostián. Fomos todos os concellos da área salvo Sada, a pesar das presións para levalo a Sogama. Fomos a Nostián por ser unha proposta distinta a Sogama na que críamos, e porque tiñamos esa obriga moral. A proposta era tremendamente ecolóxica, íase reciclar o 85% do que alí se levaba. A realidade é que o 55% son rexeites e hai que levalos a vertedoiro.

O vertedoiro colmatouse e negáronse a tratar os rexeites por parte da concesionaria Albada.

Tivemos que levalos a Cerceda, Daorje,por uns 30€ tonelada e posteriormente a Sobrado dos Monxes a 54€/tonelada mais ive.

Todo iso supón unha débeda de 11 millóns de euros que está solicitada polo consorcio.

O estado central pola lei de residuos sólidos acordou un imposto por levar o lixo a vertedoiro e non incineralo de 30 €/tonelada.

Antes era mais barato Nostián que Sogama, 53 € fronte a 63€. A día de hoxe pagamos 109€. Todo isto da que non dan os cartos e así o corrobora intervención. Tamén imos licitar por seis meses prorrogables o rexeites.

No consorcio non se pode facer como con outros concellos e o que custa o servizo hai que repercutilo aos cidadáns e estamos obrigados a subir a taxa.

Espero que a taxa do Concello da Coruña sexa similar as de Sogama e vímonos obrigados a iso por que se non da negativo. A recollida non supón incremento pero remata en outubro do 2025 e solicitarase a súa mellora.

Blandino García Roel: Dende o bloque parécenos o Consorcio escuro e pouco transparente e filtrase bastante á prensa, dentro de cada concello só teñen a representación os alcaldes e debería de ter os grupos políticos.

Alcalde-Presidente: Neste concello vaise dar toda a información nos plenos.

Blandino García Roel: Funciona mal o tratamento e recollida e non se debe repercutir aos cidadáns neste momento. Hai que buscar unha alternativa.

Alcalde-Presidente: a min gustaríame non subir a taxa pero vímonos obrigados porque non contabamos co canon e se tedes algunha proposta, facédea.

Ábrese un breve debate sobre os modelos de reciclaxe alternativos como o modelo de Pontevedra onde o alcalde indica que non hai fórmulas máxicas e que hai poucos sitios onde funcione e que xa visitou outros sistemas suecos e doutros sitios e a única solución é unha fracción orgánica para rexenerar canteiras...

Ás 14:46 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Abegondo, na data que figura na marxe

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

O secretario en réxime de acumulación

Adrián J. Márquez Caramés



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.